


Actividades Ardora en Moodle

www.webardora.net

Os contidos creados con Ardora poden ser introducidos nunha plataforma de teleformación como Moodle. No caso de "actividades interactivas" e "paquetes de actividades Ardora" podemos decidir se queremos que a plataforma rexistre o traballo realizado polo alumnado (nese caso debemos de crear un SCORM, apartados 2 e 3 deste tutorial) ou non (apartado 1).

1. - Subir un paquete de actividades a Moodle:

A publicar un paquete de actividades ou unha páxina multimedia con Ardora, créase unha carpeta con todo o necesario para que a actividade funcione correctamente tan soa con lanzar o arquivo xxxx.htm que está no seu interior. Para poder subir o contido a Moodle, o primeiro que debemos realizar é comprimir esa carpeta nun zip:



Para incorporar a actividade á nosa Aula Virtual, debemos seguir os seguintes pasos:


1. - Active a edición e faga clic na opción "+ Engadir unha actividade ou un recurso".
2. - No menú que se abre nunha ventá emerxente, seleccione a opción "Arquivo" (1) e faga clic en "Agregar" (2) (vea a imaxe da dereita).
3. - Na ventá de edición, especificamos un nome para o recurso e unha descrición (optativa). No campo coa frecha azul, arrastramos o noso arquivo zip para incorporalo. Fíxese na imaxe inferior:
4. - Unha vez subido o zip, facemos clic no arquivo e na nova



ventá emerxente, seleccionamos a opción "Descomprimir":



5. - Cando finalice o proceso, veremos o zip e a carpeta descomprimida. Pulsamos nela para ver o seu contido e localizamos o arquivo .htm, que será o "lanzador" da actividade:



6. - Facemos clic no arquivo .htm e nas opcións que se abren na nova ventá emerxente, seleccionamos a opción "Configurar o arquivo principal":



7. - Na opción "Aparencia" é recomendable que escolla abrir a actividade nunha ventá emerxente. Mesmo pode determinar o tamaño da devandita ventá. Observe a imaxe inferior:



▼ **Aparencia**

Mostrar ⓘ En ventana emergente ▼

Mostrar tamaño ⓘ

Mostrar tipo ⓘ


Mostrar la fecha de subida/modificación ⓘ

Anchura (en píxels) de la ventana emergente * 1020

Altura (en píxels) de la ventana emergente * 718

8. - Tan só quédanos "Gardar os cambios e volver ao curso".

Ao facer clic no nome que lle demos ao recurso (na imaxe inferior, "Technology"), abrírase o noso paquete de actividades perfectamente operativo dende a nosa Aula Virtual.



2. - Subir unha actividade en formato SCORM:

O estándar SCORM permítenos incluír dentro de plataformas LMS (Learning management system) como pode ser Moodle, unha actividade individual ou mesmo un paquete de actividades creadas con Ardora. As especificacións que Ardora realiza do formato SCORM, permiten que o ámbito virtual onde se suban os contidos poida rexistrar a evolución do traballo do estudante e a puntuación obtida respecto ao contido.

Vexamos en primeiro lugar como crear un SCORM con Ardora e como integralo en Moodle.

Na pestana "1. - Actividade" fixamos cual será a puntuación da actividade:

Puntuación:	
Por cada resposta correcta	+ 1
Por cada resposta incorrecta	- 1

En calquera actividade elaborada con Ardora temos a posibilidade de configurar o seu comportamento se a queremos utilizar baixo o formato SCORM facendo clic na pestana "SCORM" que é idéntica en todas as actividades.

Vexamos as diferentes seccións desta pestana en detalle:

1.- Actividad	2.- Opciones de ejecución	3.- Página web	SCORM
Si la actividad fue resuelta correctamente:			
<input checked="" type="radio"/> Se puede volver a hacer	<input checked="" type="radio"/> Se mantiene la puntuación conseguida	<input type="radio"/> Se da como puntuación .. 10	
<input type="radio"/> No se puede volver a hacer			
Si la actividad finalizó incorrectamente:			
<input checked="" type="radio"/> Se puede volver a hacer	<input checked="" type="radio"/> Se mantiene la puntuación conseguida	<input type="radio"/> Se coloca la puntuación a cero	
<input type="radio"/> No se puede volver a hacer	Mens. Error		

Nesta primeira parte definimos como se comportará o contido cando o/a estudante remate a actividade correctamente e que sucederá se remata de modo incorrecto.

Título del curso	Past Perfect		
Identificador (comience por una letra)	ARD24112020102411	Versión	1
Descripción	Quiz Past Perfect		
Palabra clave	Quiz		
container	quizpast	Activity	quizpast

Na segunda parte da pantalla especificamos os metadatos que nos permitirán estruturar o contido e informar sobre este. Fíxese que por defecto Ardora xa cobre os campos "Identificador" e "Versión".

IMPORTANTE: Non utilice espazos en branco á hora de nomear o colector e a actividade!!
Unha vez cubertos os datos da pantalla "SCORM", publicaremos a actividade no citado formato para poder ser interpretada por Moodle. Para iso, faga clic no seguinte botón:



Ardora solicitaralle entón que poña un nome ao arquivo zip que xerará con todo o necesario e debe especificar onde o quere gardar.

É o momento de incorporar a nosa actividade a Moodle. Para iso seguimos os seguintes pasos:

1. - Active a edición e faga clic na opción "+ Engadir unha actividade ou un recurso".
2. - No menú que se abre nunha ventá emerxente, seleccione a opción "Paquete SCORM" (1) e faga clic en "Agregar" (2) (vexa a imaxe da dereita).



3. - Na ventá de edición, especificamos un nome para o recurso e unha descrición (optativa). No campo coa frecha azul, arrastramos o noso arquivo zip para incorporalo. Fíxese na imaxe inferior:



4. - Na opción "Aparencia" debe decidir se a actividade se presentará na ventá actual ou nunha ventá nova. Neste último caso pode decidir o tamaño co que presentaremos a actividade.

5. - No menú "Cualificación" escollemos o método en que recolleremos a puntuación obtida:



Se escollemos a opción "Objetos de aprendizaxe", Moodle mostraranos o número de obxectos (actividades) realizadas correctamente. Neste exemplo só subimos unha actividade, polo tanto en caso de aprobala a puntuación máxima obtida será "1". Nos outros casos escollemos se o programa gardará a puntuación máis alta obtida (se determinamos que poidan facer varios intentos), a media dos intentos ou a súa suma.

6. - Na opción "Xestión de intentos", atopamos os seguintes elementos:

▼ **Gestión de intentos** En


Número de intentos ?	Intentos ilimitados ▼
Calificación de intentos ?	Intento más alto ▼
Forzar nuevo intento ?	No ▼
Bloquear después último intento	No ▼

"Número de intentos" establecemos o número de intentos que lle permitiremos realizar ao noso alumnado. En caso de permitir máis dun, especificamos se a cualificación definitiva provirá do intento con maior nota, do primeiro intento, o último ou unha media de todos os intentos realizados.

Se activamos a opción "Forzar novo intento", cada vez que un paquete SCORM se visite contará como un intento.

Por último se activamos a opción "Bloquear despois de último intento", ao estudante impídese o lanzamento do reprodutor SCORM despois de utilizar todos os intentos que tiña asignados.

O resto de opcións é común a calquera outra actividade ou recurso de Moodle. Só nos quedaría "Gardar cambios e regresar ao curso". Este será o aspecto na súa aula virtual:



Ao facer clic, accederemos á seguinte pantalla:

Quiz Past Perfect

Info **Informes**

Número de intentos permitidos: Sin límite
Número de intentos realizados: 0
Método de calificación: Intento más alto
Calificación informada: Ninguno

Moda: Vista previa Normal

Prema o botón "Entrar" e accederá ao reprodutor SCORM que contén a actividade (no exemplo, un test clásico de selección múltiple):

Quiz Past Perfect

quizpast

Test your knowledge on past perfect:

10.- We had already sat down when the waiter his tray on our table.

- dropped
- had droped
- had droppeded
- droped

INTENTOS: 1/4
PUNTOS: 8/10

Como profesores, entramos na actividade e na opción "Informes" conseguiremos información detallada (número de intentos, data, puntuación obtida,...) sobre os intentos realizados polo noso alumnado:

Quiz Past Perfect

Info Informes

Informe básico Informe gráfico Informe de interacciones Informe de objetivos

1 intentos de 5 usuarios, de un total de 5 resultados

	Nombre / Apellido(s)	Dirección de correo	Departamento	Intento	Comenzado en	Último acceso en	Puntuación
<input type="checkbox"/>	IES Leliadoura	leliadoura.ies@gmail.com		-	-	-	-
<input type="checkbox"/>	Bautista Ramos	tista@edu.xunta.es		1	sábado, 30 de enero de 2021, 00:14	sábado, 30 de enero de 2021, 00:16	9

3. - Subir un paquete de actividades en formato SCORM:

O primeiro que debe entender é que para elaborar un paquete de actividades en formato SCORM non necesita publicar previamente as actividades no citado estándar.

Crearemos un paquete de actividades como facemos habitualmente (consulte o [tutorial na web de Ardora](#) se o estima necesario).

Na pestana SCORM, cubrimos os metadatos que permitirán estruturar os obxectos de aprendizaxe que contén o paquete:

SCORM

Identifier (start with a letter)

Version Key word

Description

contenedor

Actividad

Correcto si...

puntos >

actividad >

Tal e como vimos no apartado anterior, Ardora cobre automaticamente os campos "Identifier" e "Version". Recorde que é importante que o nome do colector e a actividade non conteñan espazos en branco. A diferencia dunha actividade individual, no paquete de actividades debemos definir se consideraremos o intento correcto ao chegar á actividade especificada ou ao obter a puntuación mínima requirida. No exemplo, son dez actividades cun total de 100 puntos, así que decidimos que o intento sexa correcto no caso de conseguir a metade (50) dos puntos totais.

Novamente facemos clic neste botón para xerar o zip correspondente:



Ao igual que nunha actividade individual, Ardora nos solicitará especificar o nome do arquivo zip que xerará e onde o gardaremos.

Para subir o noso paquete de actividades en formato SCORM seguimos os pasos xa detallados na sección anterior deste mesmo documento e que resumimos a continuación:

1. - Active a edición e faga clic na opción "+ Engadir unha actividade ou un recurso".
2. - No menú que se abre nunha ventá emerxente, seleccione a opción "Paquete SCORM"

e faga clic en "Agregar".


3. - Na ventá de edición, especificamos un nome para o recurso e unha descrición (optativa). Arrastramos o arquivo zip que contén o noso paquete ao campo coa frecha azul. Tamén podemos optar por facer clic na frecha azul e abrirase un navegador dende o que localizaremos o noso arquivo zip para incorporalo.

4. - Na opción "Aparencia" decidimos se a actividade se presentará na ventá actual ou nunha ventá nova. Neste último caso pode decidir o tamaño co que presentaremos a actividade. En ambas as dúas opcións facendo clic no seguinte botón o/a estudante poderá ocultar a estrutura do paquete SCORM e logrará que se vexa completo:



Dende o mesmo menú "Aparencia" poderemos decidir se presentamos a estrutura do curso "oculta" para que apareza xa o paquete completo cando o usuario acceda ou directamente deshabilitamos a opción de presentala no curso.

Fíxese na imaxe inferior:



5. - No menú "Cualificación" escollemos o método en que recolleremos a puntuación obtida. Se escollemos a opción "Obxectos de aprendizaxe", Moodle mostraranos o número de obxectos (actividades que compoñen o paquete) realizados correctamente. Se o paquete consta de dez actividades, a puntuación máxima a obter será "10". Nos outros


casos escollemos se o programa gardará a puntuación máis alta obtida (se determinamos que poidan facer varios intentos), a media dos intentos ou a súa suma.



Na opción "Cualificación máxima" establecemos a cualificación máxima que mostrará o informe do recurso. Moodle adaptará a puntuación que ofrece Ardora a este parámetro.

6. - Na opción "Xestión de intentos", establecemos o número máximo de intentos que lle permitiremos realizar ao noso alumnado. En caso de permitir máis dun, especificamos se a cualificación definitiva provirá do intento con maior nota, do primeiro intento, o último ou unha media de todos os intentos realizados.

Solo quedaría gardar os cambios e regresar ao curso. Ao facer clic no enlace co paquete SCORM, faremos clic en "Entrar" e accederemos ao noso recurso plenamente operativo:



Ao acceder ao "Informe" podemos ver os intentos, o tempo empregado e a puntuación obtida por cada participante:

Past Perfect

Info **Informes**

[Informe básico](#) [Informe gráfico](#) [Informe de interacciones](#) [Informe de objetivos](#)

1 intentos de 5 usuarios, de un total de 5 resultados

	Nombre / Apellido(s)	Dirección de correo	Departamento	Intento	Comenzado en	Último acceso en	Puntuación
<input type="checkbox"/>	 IES Leliadoura	leliadoura.ies@gmail.com		-	-	-	-
<input type="checkbox"/>	 Bautista Ramos	tista@edu.xunta.es		1	sábado, 30 de enero de 2021, 11:19	sábado, 30 de enero de 2021, 11:39	10